

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA (ACOUGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Comunidade Autónoma de Galicia en virtude da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recoñece a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A Dirección Xeral de Promoción da Igualdade de conformidade coa Resolución do 7 de maio de 2026, da Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres, (BOE nº 122 de 20 de maio) publícase o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdad, do 6 de maio de 2026, polo que se fixan os criterios de distribución ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, así como a distribución resultante, ao desenvolvemento do Plan Corresponsable.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos finalistas asignados á Comunidade Autónoma de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade, no que se encadra o presente convenio de colaboración coa Asociación de Familias de Acollida (ACOUGO) para o cumprimento do Plan Corresponsables.

A Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO, é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexe polo seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable, e que desenvolve maioritariamente a súa actividade dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega. Está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2020/23977-1º, e está recoñecida e inscrita na área de igualdade no Rexistro Único de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia co número E7138.



Para o cumprimento deste obxectivos do Plan Corresponsables a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto asinar un convenio de colaboración coa Asociación de Familias de Acollda (ACOUGO) para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables. A través deste obxecto convenio desenvolverase o programa "Acollemento Corresponsable", dirixido tanto a menores de ata 16 anos como a súas familias acolledoras ou de orixe, a través da posta en marcha de servizos de coidado que promovan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como de plans de formación e sensibilización sobre corresponsabilidade co obxectivo de adoptar patróns de relación máis igualitarios dentro da unidade familiar en cumprimento dalgúns dos obxectivos do Plan Corresponsables.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos dos sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade ten as competencias en materia de fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal, estima polo tanto oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Galega de familias de acollda (ACOUGO) para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é desenvolver o Plan Corresponsables en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Eloína Ingerto López.

